



**ASUNTO:** Recurso de alzada con solicitude de suspensión da execución de acto recorrido (núm. de rexistro 202499900000520)

Logo de examinar o recurso de alzada, con núm. de rexistro 202499900000520, presentado o 4/03/2024 por D<sup>a</sup> María Teresa Aldao Cadierno contra o acordo adoptado o 19/02/2024 (publicado na sede o 29/02/2024) pola Comisión encargada de valorar o concurso específico para a provisión de dous postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos, que foi convocado por Resolución do 30/10/2023 (publicada no DOG núm. 214 de 10/11/2023), no tocante ao posto núm. 24 de Xefatura de Servizo (Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo), dítase a seguinte **RESOLUCIÓN** con base nos seguintes

### FEITOS

**Primeiro.** Por Resolución do 30/10/2023 (publicada no DOG núm. 214 de 10/11/2023) convocouse o concurso específico para a provisión dous postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos:

Posto núm. 24 de Xefatura de Servizo (Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo)

Posto núm. 348 Xefatura de Servizo (Servizo de Persoal Docente e Investigador)

**Segundo.** A Comisión de valoración, na súa reunión do día 19/02/2024 adoptou os seguintes acordos:

- *Non puntuar o proxecto presentado ao Posto núm. 24: Xefatura de Servizo - Unidade: Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo, por Dona María Teresa Aldao Cadierno, e non facer chamamento para a súa exposición pública toda vez que o dito proxecto supera a extensión máxima establecida no apartado 2.2 das Bases da convocatoria.*
- *Publicar as puntuacións outorgadas aos proxectos na Fase a) do apartado 2.3. da Base Terceira da convocatoria.*
- *Publicar os criterios de valoración da Fase b) do apartado 2.3. da Base Terceira da convocatoria.*
- *Convocar as persoas participantes para a exposición pública dos proxectos na Sala de Consello de Goberno da Reitoría da UDC, o día 13 de marzo de 2024.*
- *Permitir o uso de medios audiovisuais para a exposición pública do proxecto así como establecer que só se admitirán na dita exposición arquivos en formato "pdf".*

Estes acordos foron publicados na Sede electrónica da UDC o 29/02/2024.

Código Seguro De Verificación	90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	05/03/2024 17:51:01
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==">https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





**Terceiro.** Con data 4/03/2024 D<sup>a</sup> María Teresa Aldao Cadierno presenta o recurso de alzada que se examina contra o antedito acordo da comisión, no tocante ás actuacións relativas ao posto núm. 24 e solicita que:

- *Se suspenda o acto recorrido e se paralice o procedemento.*
- *Se practique unha proba testifical con membros dos anteriores tribunais onde se lles pregunte como procederon neste aspecto concreto.*
- *Se anule o acordo recorrido en canto ao posto nº 24: a miña exclusión e as puntuacións dos proxectos das outras persoas aspirantes.*
- *Se retrotraia o procedemento ao momento oportuno, e cando menos desde a valoración dos proxectos coa actuación da comisión suplente de valoración.*

**Cuarto.** Elevado o recurso ao órgano competente para a súa resolución, e sen prexuízo de continuar a tramitación do procedemento para resolver sobre o fondo do asunto, procede resolver sobre a súa admisión e a solicitude de suspensión da execución do acto recorrido, con base nos seguintes

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.- Admisión do recurso.

Na orde adxectiva e previa, cómpre apreciar que o recurso foi interposto por persoa lexitimada e ante o órgano competente para a súa resolución.

Respecto da admisibilidade do recurso cómpre indicar que o carácter de acto de trámite cualificado do acto recorrido resulta claro, xa que decide directamente o fondo do asunto e, de facto, supón a imposibilidade para a interesada de continuar co procedemento, polo que se entenden cumpridos os requisitos recollidos no artigo 112 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

### Segundo.- Suspensión da execución

O artigo 117 da LPACAP, establece que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Esta regra xeral de executividade admite a excepción contemplada no apartado 2 deste artigo, conforme ao que a suspensión da execución dos actos recorridos poderá acordarse, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o que se lle causaría ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

Código Seguro De Verificación	90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	05/03/2024 17:51:01
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==">https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei.

A recorrente interesa a suspensión do acto recorrido alegando que a execución causaría prexuízos de difícil reparación. Ao respecto, e aínda cando é certo que os prexuízos que se poderían derivar da execución do acto recorrido non son de imposible reparación, concórdase coa recorrente no carácter especialmente gravoso que adquiriría a reparación, tendo en conta que, caso de estimar o recurso, se tería que repetir tanto a valoración do proxecto como o acto de exposición e defensa. Pola contra, de suspender a executividade do acto impugnado, non se causa danos ao interese público nin aos terceiros participantes no concurso, que conservan todos os seus dereitos e intereses lexítimos, mais alá do que pode supoñer retrasar polo mínimo tempo posible a celebración da exposición pública dos seus proxectos.

Tendo en conta as consideracións realizadas respecto do *periculum in mora*, así como a aparencia de bo dereito das pretensións exercitadas en relación co procedemento que afecta ao posto 24 de Xefatura de Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo, e sen prexuízo da resolución finalizadora do procedemento que no seu día se adopte, procede suspender a execución do acto impugnado.

### **Terceiro.- Instrución do procedemento: audiencia ás persoas interesadas e improcedencia da proba**

Existindo outras persoas interesadas, nomeadamente as participantes no concurso, debe darse traslado do recurso presentado por dona Teresa Aldao Cadierno, concedéndolles un prazo de dez días para facer as alegacións que estimen procedentes sobre o fondo do asunto.

Respecto da proba testifical solicitada considérase improcedente ou innecesaria para a resolución do asunto, dada a independencia e autonomía das Comisións de Valoracións dos concursos.

Polo anterior,

### **RESOLVO**

1º. Admitir o recurso dealzada e darlle traslado do mesmo ás demais persoas interesadas participantes no concurso, outorgándolles un prazo de dez días para facer as alegacións que estimen oportunas.

2º. Suspender a execución do acordo adoptado o 19/02/2024 (publicado na sede o 29/02/2024) pola Comisión encargada de valorar o Concurso específico para a provisión de dous postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de

Código Seguro De Verificación	90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	05/03/2024 17:51:01
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==">https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





administración e servizos que foi convocado por Resolución do 30/10/2023 (publicada no DOG núm. 214 de 10/11/2023), no que atinxe só ao posto núm. 24 da Xefatura do Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo.

A presente resolución, que se publicará na sede electrónica da UDC, esgota a vía administrativa e contra ela, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 LPACAP, cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, segundo o establecido no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor

P.D A secretaria xeral (RR 16/01/2024 art. 2.2.d)

Código Seguro De Verificación	90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	05/03/2024 17:51:01
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==">https://sede.udc.gal/services/validation/90Wqv7zW/L7M4SGV58g+WA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

